

**Realiza estas actividades:**

1.- Á vista da seguinte esquema, que representa unha matriz de avaliación de impacto ambiental (AIA), con respecto á instalación dun parque eólico, contesta:

- a) Que tipo de matriz de AIA é a representada
- b) Que factor do medio é o máis susceptible de ser alterado polo proxecto
- c) Que accións poden xerar maior número de impactos sobre o medio

MATRIZ DE IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS												
ENTORNO	Factor Ambiental	ACCIONES - FASE DE EJECUCIÓN						ACCIONES - FASE DE EXPLOTACIÓN			ACCIONES - FASE DE CLAUSURA	
		Tráfico de Vehículos	Excavación y Movimiento de Tierras	Despeje y Destroce	Acopio de Materiales	Construcción de Estructuras Civiles**	Colocación de Estructuras Prefabricadas**	Funcionamiento Aerogenerador	Funcionamiento Red Eléctrica	Mantenimiento Instalaciones***	Retirada de Instalaciones	Restauración del Medio
ATMÓSFERA	Calidad Sonora	•	•			•	•	•			•	
	Calidad Físico-Química	•	•			•	•				•	
SUELO	Propiedades Físicas	•	•	•	•	•	•				•	•
	Propiedades Químicas	•			•			•		•		
AGUAS	Superficiales	•	•		•			•		•		
	Subterráneas	•			•			•		•		
MEDIO BIÓTICO	Vegetación	•	•	•								•
	Fauna	•	•	•				•	•			•
	Procesos ecológicos*	•	•	•				•	•			•
MEDIO PERCEPTUAL	Incidencia Visual	•	•	•	•	•	•	•	•		•	•
	Elementos Singulares		•			•	•	•	•		•	
MEDIO SOCIO ECONÓMICO	Economía					•		•	•		•	
	Salud Ambiental y Calida de Vida	•				•		•	•		•	

2.- a) Cales son as causas do aumento da produción de residuos nos países industrializados; b) Que impactos se producen se os RSU se abandonan sen tratamento; c) Indica unha vantaxe e un inconveniente de cada sistema de tratamento da táboa; d) Dende o punto de vista do desenvolvemento sostible, cal é o método máis axeitado de xestión dos RSU?

Sistemas de Tratamento dos RSU en España	Toneladas/ano	%	Centros de Tratamento
Vertido incontrolado	2.859.765	16,65	-
Vertido controlado	9.746.198	56,73	199
Compostaxe	3.003.883	17,49	27
Incineración:			
▪ con recuperación de enerxía	954.589	5,56	7
▪ sen recuperación de enerxía	54.323	0,31	6
Recollida selectiva	559.978	3,26	-
TOTAIS	17.178.736	100,00	239

3.- a) Cita tres convenios internacionais sobre medio ambiente; b) Define: auditoría ambiental e ciclo de vida dun produto.

### Solucións:

**1.- a)** Trátase dunha matriz cualitativa xa que non asigna valor numérico aos posibles impactos, senón que valora so a existencia ou ausencia do mesmo.

**b)** Os factores da matriz de AIA están representados en filas, e agrupados en varias categorías como "atmosfera", "solo", "augas", "medio biótico", "medio perceptual" e "medio socio-económico". Nas columnas están as accións que conleva o proxecto, clasificadas nas fases de execución, explotación e clausura.

Observando a matriz, concluímos que o factor máis afectado globalmente sería: "*Incidencia visual*", afectado por impacto en dez accións, seguido de "*propiedades físicas do solo*" con impacto posible en oito accións.

**c)** En canto as accións, observamos que a que produce impacto en maior número de factores é: "Tráfico de vehículos na fase de execución" que afecta a once factores, seguido de "Funcionamento do aeroxerador", durante a fase de explotación, con dez factores do medio alterados.

**2.- a)** O aumento da poboación, a crecente industrialización e o modelo de desenvolvemento baseado no consumo masivo de produtos con vida útil moi breve (usar e tirar) con escasa reutilización.

**b)**

- Contaminación de solos e augas superficiais e acuíferos (escorrentía e infiltración).
- Impacto paisaxístico e visual
- Contaminación atmosférica: gases invernadoiro, gases que destrúen a capa de ozono, fumes, mal olor.
- Risco de incendios e desprendementos
- Proliferación de insectos e ratas, que transmiten enfermidades.
- Mostra de incivismo e despilfarro de recursos

**c)**

Sistema	Vantaxe	Inconveniente
<b>Vertido incontrolado</b>	Ningunha	Riscos para a saúde
<b>Vertido controlado</b>	Permite obter biogás	Despilfarro de recursos
<b>Compostaxe</b>	Obtención de abono	So para residuos orgánicos
<b>Incineración con recuperación de enerxía</b>	Obtención de enerxía a partir dos residuos	Emite gases e dioxinas
<b>Incineración sen recuperación de enerxía</b>	Permite eliminar gran volume de residuos	Despilfarro de recursos
<b>Recollida selectiva</b>	Facilita a reciclaxe	Difícil sen colaboración cidadá

d) A xestión sostible significa que prime *aforro enerxético e de materias primas*, evitando a dilapidación de recursos, que son limitados ou se esgotan, así como minimizar a alteración do medio e os riscos para a saúde, polo que o tratamento recomendable é aplicar a regra das 3R: reducir, reutilizar e reciclar (e obter compost ou biogás para os residuos orgánicos, sen posibilidade de reciclaxe)

A orde de sostenibilidade para as diferentes opcións de tratamento sería:

Reducir > Reutilizar > Reciclar > Valorización enerxética (incineración con recuperación de enerxía) > Incineración sen recuperación de enerxía > Vertedoiros controlados > Vertedoiros incontrolados (non é un tratamento).

3.- a) Podemos citar:

- Protocolo de Montreal sobre Substancias que destrúen a Capa de Ozono, 1987.
- Convenio de Basilea sobre movementos transfronteirizos de Residuos Perigosos, 1989
- Protocolo de Kioto sobre Cambio Climático e redución de emisións contaminantes, 1997.

b) Auditoría ambiental: É un instrumento de xestión ambiental que busca a ecoeficiencia. Consiste na inspección periódica dos procesos empregados por empresas que se prestan voluntariamente a ser revisadas por técnicos ambientais para detectar o grao de respecto ao medio, e se comprometen a paliar posibles deficiencias. Ao cumprir obxectivos son inscritas nun rexistro da UE e se lle concede un logotipo, que pode ser usado con fins comerciais.

O ciclo de vida dun produto son as fases de vida do mesmo dende a obtención de materias primas e enerxía para fabricalo, a súa produción e distribución, así como o seu uso e eliminación; a sociedade actual caracterízase pola diminución da vida útil dos produtos aumentado considerablemente a produción de residuos, pola contra fomentar a reciclaxe e a reutilización produce o efecto contrario.